

O CONCELLO DE PORTO DO SON ORGANIZA UNHA NOVA EDICIÓN DO CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS.

A acción formativa, gratuíta e de catro horas de duración, vai ter lugar o venres 10 de novembro na Casa da Cultura de Xuño.

O Concello de Porto do Son, en colaboración coa Escola Galega de Saúde para Cidadáns –dependente da Consellería de Sanidade- organiza unha nova edición do curso de Primeiros Auxilios (4h) que vai ter lugar venres día 10 de novembro en horario de 16.00h a 20.00h.

Esta acción formativa, de carácter gratuíta, está dirixida a persoal sanitario e educativo, pacientes, familiares de pacientes, cuidadores e cidadanía en xeral.

Programa:

- Asistencia inicial ante un traumatismo, feridas e hemorraxias.
- Convulsións, crise epiléptica.
- Dificultade respiratoria: ansiedade, crise asmática, etc.
- Queimaduras, escaldaduras.
- Perda de coñecemento: síncope, coma, etc.
- Reanimación cardiopulmonar básica: atragoamentos, recoñecemento dunha PCR, etc.
- Etc.

A sesión correrá a cargo de Carlos Prados Sande, DUE asistencial FPUS 061 Galicia.

As persoas interesadas deben formalizar a súa inscrición, do 23 ao 30 de outubro, a través do enderezo electrónico maria.santos.lemina@portodoson.gal

As prazas, limitadas, asignaranse por orde de inscrición.

Porto do Son, 23 de outubro de 2023.